

A multa aboarase dentro dos quince días hábiles seguintes ó da presente publicación, xa que, de non facelo procederase á súa reclamación por vía de constrinximento, co recargo do 20%, xuros de demora e as costas que se ocasionen.

O correspondente expediente está na servizo de Contratación do Concello de Palas de Rei, Avda. Compostela, nº 28-1º, Palas de Rei.

Lugar e forma de pago: en calquera sucursal da rede de oficinas // Abanca ES29 2080 0132 10 3110000057.

**EXPEDIENTE:**

D.N.I./C.I.F.	Nome	Expediente	F. Infrac.	Cal. Infrac.	Art.	P. Detraer	Matrícula	Importe
33556804-B	MARÍA ULLA VÁZQUEZ	2014/215	05.01.2014	L	94.2f)	0	2195GLT	90,00 €

Palas de Rei, 24 de xullo de 2014. O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 3021

## O PÁRAMO

### Anuncio

O non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza municipal reguladora de Protección e defensa das vías municipais en relación coa saca de madeira en O Páramo, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN O PÁRAMO.

**Art. 1º: Obxecto da normativa.** Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de O Páramo das sacas de madeira, que faga compatible a liberdade da empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio e a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade vial.

**Art. 2º: Concepto de saca de madeira.** Por saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de O Páramo que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparacións do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte).

**Art. 3: Requisitos para as operacións de saca de madeira.** Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais, dentro do municipio de O Páramo cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos do propietario forestal e do madeireiro:  
**Persoa física:** Nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono  
**Sociedade ou persoa xurídica:** enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.
- Especie de madeira obxecto da corta e toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.
- Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa. Identificación en plano catastral.
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.
- Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.
- Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.
- Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.
- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de saca de madeira.
- De ser o caso, fotocopia compulsada de permiso, autorización ou licenza de corta expedida pola autoridade competente.
- Xustificante de constitución da correspondente fianza na forma e contía establecida no art. 5º.

O Concello de O Páramo terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa.

O Concello de O Páramo requirirá ao madeireiro, ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

**Art. 4º:Obrigas nas operacións de saca de madeira.**-O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Ademais estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

**Art. 5º:Responsabilidade.**-O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O concello de O Páramo velará especialmente para que as ditas operacións de saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia neste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e en xeral polos cometidos por aquelas persoas de que deba responder.

O madeireiro deberá constituír unha fianza ,en metálico ou aval bancario, a prol do Concello na seguinte contía: Parcela ata 4000 M2: 300,00 €, incrementándose 100,00 € por cada mil metros cuadrados ou fracción.

Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

**Art. 6:Infraccións.**-As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves. Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para elo polo Concello.
- b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de suciedade, ocasionando unha situación de
- c) risco para a seguridade vial.
- d) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.
- e) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

- a) Non presentar o escrito de comunicación previa.
- b) Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.
- d) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas e) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra mais dun ano.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

**Art. 7º:Sancións.**-As infraccións da presente ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 301,00 e 1.500,00 euros.
- Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 1.501,00 e 3.000,00 euros

As sancións impórnanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ao interesado, correspondendo á Alcaldía, a resolución do expediente sancionador.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

**Art. 8. Requirimentos.** Advertido o incumprimento da presente ordenanza e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais que, en calquera caso non poderá exceder dun mes.

Transcorrido este prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, procederase sen necesidade de novas modificacións, a súa execución subsidiaria cargándolle os custes desta á persoa responsable.

Non se concederá unha nova autorización sen que previamente se abonase o custo soportado polo Concello.

**Disposición final.** A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En O Páramo a 23 de Xullo de 2014.- O Alcalde, Gumersindo Rguez. Liz

R. 3022

---

## A PASTORIZA

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación aprobou o expediente de modificación de créditos núm. 1/2014, dentro do orzamento municipal do exercicio 2014, por un importe de cento noventa mil euros (190.000,00 €). En cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co artigo 169, ambos do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, expónse o expediente ao público na Secretaría deste concello polo prazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia a fin de que durante o dito prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán dirixirse ao Sr. alcalde-presidente deste concello.

A Pastoriza, 29 de xullo de 2014.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra

R. 3037

---

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA N. 4 DE LUGO

#### *Anuncio*

D. LUIS PINDADO ÁLVAREZ, SECRETARIO DEL XDO. 1ª INSTANCIA Nº 4 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que en este órgano judicial se sigue el procedimiento EXPEDIENTE DOMINIO. REANUDACIÓN TRACTO 970/2013 a instancia de LONJAS FS S.L. y D. MANUEL FLOREZ PANIZO, expediente de dominio de las siguientes fincas:

- Casa señalada con el nº 17 de la calle Doctor Castro (antes nº 13 y antiguamente, calle Batistales, 14 lo que se acredita por la coincidencia de los datos de la inscripción y descripción de la finca). Consta de planta baja y dos pisos altos.  
Linda: por la derecha entrada, calle Traviesa (actual Conde Pallarés); espalda izquierda, con casa Excmo. Sr. Conde de Pallarés; y frente a la expresada calle del Doctor Castro, por donde tiene la puerta de entrada.  
Inscripción: inscrito en el Registro de la Propiedad de Lugo, tomo 377, libro 142, folio 23, finca 3172, inscripción 10ª.